

IES AS TELLEIRAS – PRESENTACIÓN DA MATERIA/MÓDULO

Materia / Módulo	Matemáticas	Curso / Ciclo	2011-12 4º ESO
Profesor/a	Esther Pereiro		

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	1. O número real 2. Polinomios e fraccións alxébricas
2ª Avaliación	3. Ecuacións, inecuacións e sistemas 4. Funcións elementais
3ª Avaliación	5. Semellanza. Trigonometría 6. Estatística 7. Probabilidade

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia módulo ao alumnado correspondente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Actitude	20%	
Conceptos e Procedementos	80%	Probas escritas: X
		Traballos / expresión escrita
		Lecturas / Audicións
		Laboratorios / Expresión oral

Método de Avaliación:

- Ao longo do curso e para cada unha das tres avaliacións realizaranse as seguintes probas escritas, todas elas puntuadas sobre 8:
 - 1 ou 2 controis (representados por C_1 e C_2)
 - 1 exame de avaliación (representado por E) sobre toda a materia traballada
 - 1 exame de recuperación, agás na 3ª avaliación, (R)
- Para cada avaliación ponderarase o exame de avaliación sobre os controis, dos que se fará unha media aritmética (representada por C), calculándose unha nota de probas (P)
$$P = (2 \cdot E + C) / 3$$
- A cualificación do boletín, na 1ª e 2ª avaliación, obterase da suma da nota de actitude, A_c , máis a nota de probas, P ($B = A_c + P$). Só se poderá obter no boletín unha cualificación positiva (igual ou superior a 5) cando a cualificación P sexa igual ou superior a 3

IES AS TELLEIRAS – PRESENTACIÓN DA MATERIA/MÓDULO

- O exame de recuperación, **R**, é obrigatorio para todos aqueles alumnos que obtiveran cualificación negativa (insuficiente) no boletín da correspondente avaliación e opcional para o resto do alumnado que teña interese en subir a súa nota. Esta cualificación, **R**, contabilizarase no lugar da nota de probas, **P**, sempre que **R** sexa superior a **P**
- A cualificación na convocatoria ordinaria será o redondeo da media aritmética das notas obtidas en cada avaliación (ou ben de probas con nota **P** ou ben con nota **R**). Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 5 sempre que na 3ª avaliación teña un mínimo de 3 entre **Ac** e **P**
- Na convocatoria extraordinaria a cualificación será a obtida nunha proba escrita puntuada sobre 10. A materia a exame será toda a impartida durante o curso. Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 5